

INTERPRETACIÓN EN CLAVE ACTITUDINAL DOS DATOS APORTADOS POLO SEMINARIO DE SOCIOLINGÜÍSTICA (R.A.G.)

Arturo X. Pereiro
Onésimo Juncos-Rabadán¹
Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación
Universidade de Santiago de Compostela

1. Introducción

Superada a crise que sufríu a lingua galega nas seis décadas iniciais deste século, a realidade sociolingüística está ben lonxe de ser a ideal (Filgueira, 1990), xa que a pesar de que os últimos datos cuantitativos (Domínguez, Fernández, Fernández, Fernández, Recalde, Rei & Rodríguez, 1995; Fernández, Fernández, Fernández, Recalde, Rei & Rodríguez, 1994) referidos á competencia lingüística suministrados polo Seminario de Sociolingüística (RAG), sitúan á nosa lingua nunha situación privilexiada (o galego contitúe a lingua exclusiva ou preferente do 68,6% da súa mostra), considérase que os datos cuantitativos non teñen un valor absoluto, nin se consideran un índice válido para inferir a vitalidade dunha lingua (Rojo, 1981).

A nosa comunicación tenta detectar os efectos das actitudes lingüísticas sobre as parcelas máis importantes do ámbito social nas que se desenvolve o individuo como son: a familia, a escola e a interacción social comunicativa interpersonal de carácter máis amplo, para poder chegar así, a unha valoración cualitativa que permita unha visión máis obxectiva dos datos aportados polo Seminario de Sociolingüística.

2. Eido familiar

No grupo de idade máis novo (16-25 anos) obsérvase un desprazamento do ámbito de adquisición do galego dende a familia cara á escola.

Os castelán falantes iniciais máis novos (16-25 anos) afirman que aprenderon a lingua galega na escola pola contra do que ocorre co grupo de castelán falantes iniciais maduros (26-40 anos) que o adquiriron maioritariamente no seo familiar.

A fidelidade lingüística dos bilingües con relación á súa predominancia cara ó galego é dun 81% no caso dos que a adquiriron no eido familiar, sendo moito máis baixa no caso dos que a aprenderon na escola (7,9%) ou na interacción cos amigos (26,7%).

¹ Departamento de Psicología Evolutiva e da Educación, Facultade de Psicología, Universidade de Santiago de Compostela, Campus Universitario Sur, 15706-Santiago de Compostela (España); pejuncos@usc.es

A adquisición inicial, ou temperá, das linguas da nosa comunidade (galego, castelán ou ambas) convírtese nunha boa predictora do uso posterior.

O uso do galego como lingua familiar descende progresivamente a medida que avanzamos nas xeracións que interaccionan.

No uso do galego como lingua interxeracional tamén se aprecia o desfavorable efecto do ascenso no nivel de estudos, a clase social e “hábitat” –rural versus urbán.

As porcentaxes con relación ó uso do galego na lectura e escrita son algo superiores a medida que descendemos na idade dos entrevistados, advertíndose, no caso da escrita, unha relación positiva entre este uso e a adquisición no eido familiar.

O desprazamento no ámbito de adquisición da lingua galega dos galego e castelán falantes dende o eido familiar ó escolar, pode indicar o cese dunha situación diglósica na que o galego se atopaba comodamente instalado como ferramenta de comunicación nas situacións máis informais, e o xurdimento dunha nova situación na que o castelán tamén compite, dentro deses contextos de interacción, por ser a lingua maioritaria. Etxebarria (1995: 68) considera que ante esta situación a lingua máis prestixiosa (o castelán) soe desprazar á desprotexida, facéndose con eses dominios e agoirando o desprazamento e morte da lingua. Fernández (1983) opina que a pesar de observarse un importante descenso do galego como lingua materna, determinar o abandono lingüístico en base a estes datos transmitiría una idea enganosa da situación actual, xa que esta non determina a conducta lingüística da poboación, aínda que a considere una variable importante. Nós consideramos este feito como o reflexo da existencia de actitudes parentais de signo negativo cara ó galego que son transmitidas de xeración en xeración. Estas mesmas actitudes parecen estar reflectidas no feito de que a medida que descendemos nos grupos de idade se observe unha menor probabilidade de ser requerido comunicativamente en galego. Ocorre que no proceso de socialización, a familia transmite ós rapaces unha serie de valores con relación a si mesmo, o seu grupo de referencia o resto de grupos en contacto que, con frecuencia, son expresións de valores centrais e do autoconcepto. Estes amosan unha forte consistencia co comportamento (neste caso lingüístico) e unha resistencia elevada ó cambio (Maio & Olson, 1994).

Parece que esta sutil transmisión de valores da que foron vítimas primeiro os avós e logo os pais actuais, atopa a súa máxima expresión nas novas xeracións nas que se aprecia un desprazamento cara ó monolingüismo en castelán, especialmente no ámbito urbano e semiurbano, e nos estratos socio-económicos de nivel medio.

3. Eido escolar

Unha tendencia de tipo xeral observada na mostra consiste no uso do castelán, como lingua habitual do alumnado cando se dirixe ó profesor.

Os monolingües galego falantes deben incorporar o castelán como lingua de interacción dentro da escola (principalmente na escrita e co profesor), mentres que os monolingües en castelán a penas se ven forzados a levar a cabo esta acomodación con relación ó galego.

Os docentes (55,8%) constitúen un dos colectivos profesionais que empregan predominantemente o castelán nas súas interaccións.

Se a familia constitúe o axente socializador primario dentro do proceso de forxa social ó que son sometidos os novos membros da comunidade, a escola constitúe o secundario e, polo tanto, eríxese como un potencial xerador de actitudes, en particular lingüísticas.

Existen unha serie de condicionantes que parecen sinalar á escola como unha institución inadecuada para a transmisión da lingua galega ás novas xeracións:

A inexistencia de programas educativos que se adapten á realidade sociolingüística galega.

A tendencia que ten esta institución a construír certas crenzas acerca da idoneidade dunha ou outra lingua como vehículo instructivo, sin ter en conta as peculiaridades dos grupos.

A constatación da presenza do efecto “pigmalion” polo cal os docentes tenden a facer inferencias negativas con relación á personalidade, extracción social e habilidades académicas dos discentes que usan a lingua non normativa nese contexto (neste caso o galego).

Todas estas variables poden estar acentuando o proceso de xeración de actitudes lingüísticas contrarias ó galego e danando de xeito vital a construción do autoconcepto dos alumnos galego falantes iniciais favorecendo a aparición dun bilingüismo substractivo potenciado pola procedencia socio-económica destes alumnos.

A escola como axente socializador de importancia debe proporcionar as oportunidades ideais para o correcto desenvolvemento dunha identidade sociolingüística positiva con respecto a si mesmo e ós grupos en contacto. Cando os falantes dunha lingua socialmente desprestixiada reciben o seu primeiro ensino nunha lingua diferente da súa (Lameiras, 1994), e por riba posúen unhas habilidades lingüísticas (á lo menos no que a rexistro formal e académico se refire) e cognitivas pouco desenvolvidas frecuentes nas clases socialmente máis desfavorecidas, non só se produce unha adquisición defectuosa da segunda lingua e un precario desenvolvemento da primeira, senón que inflúe negativamente na formación do

autoconcepto, e posibilita a transferencia dos conflitos lingüísticos ó proceso de socialización.

4. Interacción comunicativa

Apréciase unha maior mobilidade lingüística (“inclusión nalgunha medida da outra lingua na práctica lingüística do individuo”) dentro do grupo de castelán falantes iniciais que no de galego falantes iniciais, aínda que se aprecie o fenómeno á inversa en centros urbanos como A Coruña e Pontevedra (avanzadillas do proceso de asimilación).

O grao de acomodación lingüística dos castelán falantes habituais é maior ca dos galego falantes habituais.

Dun xeito xenérico, a elección do galego na interacción espontánea semella vir determinada principalmente polo grao de confianza e informalidade que conleve esta. Sen embargo, a do castelán parece vir determinada polo emprego do castelán por parte do interlocutor ou polo feito de que non se de o suficiente grao de confianza.

Os suxeitos que teñen o castelán como lingua predominante afirman en maior medida que os que teñen ao galego, que a elección maioritaria do castelán á hora de establecer unha interacción cun descoñecido ven dada “por se-la miña lingua habitual”. Os galego falantes de preferencia cando elixen o castelán din que o fan “por se non entende outra lingua”.

O galego vese circunscrito a interaccións sociais tinguidas de gran familiaridade, pola contra o castelán gaña cuotas de utilización, superando considerablemente ó galego, nos contextos máis formais.

Os procesos de acomodación lingüística constitúen un bo índice avaliativo da natureza e intensidade das actitudes lingüísticas cara ás linguas presentes nunha comunidade (Giles & Couplan, 1991). A elección dunha ou outra lingua nun medio bilingüe parece vir determinada principalmente pola percepción que os falantes teñen da súa vitalidade etnolingüística (Allard & Landry, 1992). Hamers & Blanc (1989) opinan que as redes sociais, na transmisión dos modelos lingüísticos formais e funcionais, fan que o suxeito desenvolva unha idea acerca do valor social relativo da súa lingua.

No caso dos bilingües galego falantes, unha importante porcentaxe afirma acomodarse ó castelán cando son requiridos nesta lingua ou cando non existe un elevado grao de confianza co interlocutor. Isto ven a confirmar o restrinxido uso do galego fóra dos ámbitos nos que hai un elevado grao de confianza (familia, traballo, etc.) e a existencia de presións sociais que erixen ó castelán como patrón prestixioso de fala propio das situacións formais. Cando se lles pregunta que é o que os leva a empregar o castelán para iniciar a interacción

apelan maioritariamente a “por se non entende a outra lingua” (o galego), contestación de curiosa natureza cando o 97,1% da mostra afirma poder entendelo (cun elevado poder de xeralización ó total da poboación galega).

Con relación á acomodación e mobilidade lingüística, pode confundir o feito de que os castelán falantes amosen uns maiores índices. Ó noso parecer, esto reflicte principalmente a presión social que exerce a aparente superioridade demográfica, pero tamén pode ser interpretado como produto dun mantemento do herdo lingüístico que non é voluntario, senón que é fomentado polo grupo culturalmente dominante (castelán falante) a través de interaccións sociais pechadas que deixan fora do alcance dos galego falantes ó acceso a oportunidades sociais que esixirían da mobilidade lingüística (Taylor, 1991; Romaine, 1996). Tal e como afirma Ginard (1993) cando os grupos discuten de política lingüística, con frecuencia é o poder social e económico o que en realidade se negocia.

Referencias

- Allard, R., R. Landry (1992), “Ethnolinguistic vitality beliefs and language maintenance and loss”, in W. Fase, K. Jaspaert, S. Kroon (eds.), *Maintenance and loss of minority languages*, (*Studies in bilingualism* 1), Amsterdam/Philadelphia, John Benjamins.
- Domínguez Seco, L., M. Fernández Ferreiro, F. Fernández Ramallo, M.A. Fernández Rodríguez, M. Recalde Fernández, G. Rei Doval, M.A. Rodríguez Neira (1995), *Usos lingüísticos en Galicia*, Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega.
- Etxebarria Arostegui, M. (1995), *El bilingüismo en el Estado Español*, Bilbao, Editorial F.B.V.1.
- Fernández Rodríguez, M. (1983), “Mantenimiento y cambio de la lengua en Galicia: el ritmo de la desgaleguización en los últimos cincuenta años”, *Verba* 10, 79-129.
- Fernández Ferreiro, M, F. Fernández Ramallo, M.A. Fernández Rodríguez, M. Recalde Fernández, G. Rei Doval, M.A. Rodríguez Neira (1994), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, Seminario de Sociolingüística, Real Academia Galega.
- Filgueira Valverde, X. (1990), “La resurrección d’une langue: le galicien d’hier a aujourd’hui”, *Archivos do Centro Cultural Portugues XXVIII*, París.
- Ginard, J. (1993), “Grau de coneixement del catalá a les Illes Balears”, *Actas del I Simposi de Demolingüística*, Tortosa.
- Giles, H., N. Coupland (1991), *Language: contexts and consequences*, Brooks/Cole, Pacific Grove.
- Hamers, J.F., M.H. Blanc (1989), *Bilinguality and bilingualism*, Cambridge/New York, Cambridge University Press.
- Lameiras Fernández, M. (1994), *La medida de las actitudes lingüísticas en contextos Bilingües mediante escalas Osgood-Stevens*, Tese de Doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Psicoloxía.

- Maio, G. J. Olson (1994), "Value-attitudes-behavior relations: The moderating role of attitude functions", *British Journal of Social Psychology* 33, 301-12.
- Rojo, G. (1981), "Conductas y actitudes lingüísticas en Galicia", *Revista Española de Lingüística* 11(2).
- Romaine, S. (1996), *El Lenguaje en la sociedad: una introducción a la sociolingüística*, Barcelona, Ariel.
- Taylor, D.M. (1991), "The social psychology of racial and cultural diversity: Issues of assimilation and multiculturalism", in A.G. Reynolds (ed.), *Bilingualism, multiculturalism, and second language learning*, The McGill Conference in honour of Wallace E. Lambert, Hillsdale, New Jersey, Lawrence Erlbaum, 1-19.